

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo
LEADER 2014-2020
GDR-23 Mariñas-Betanzos

Anexo I



**Cristerios de selección e priorización dos proxectos.
Limitacións sectoriais complementarias ás Normas de xestión da
Estratexia.**

Xaneiro 2017



ÍNDICE

1. REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DE PROXECTOS.....	2
2. LIMITACIÓNS SECTORIAIS.....	3
3. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA NOS EXPEDIENTES.....	5
4. BAREMO DE SELECCIÓN PARA PROXECTOS PRODUTIVOS.....	7
5. BAREMO DE SELECCIÓN PARA PROXECTOS NON-PRODUTIVOS.....	11
6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS.....	16
ANEXO. DATOS TERRITORIAIS.....	20

1. REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DE PROXECTOS

1.1. Requisitos xerais

Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da Estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente, para os non produtivos.
- c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- d) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente o solicitante, se esta data é anterior. Non obstante, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.
- e) Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non poderán subvencionarse fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

1.2. Requisitos específicos

- a) Serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na Estratexia de desenvolvemento local de cada GDR, de forma que respondan ás prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia, sempre e cando cumpran as condicións de subvencionabilidade que se especificuen nas fichas de elixibilidade recollidas nas Bases reguladoras.

Coas particularidades que se indican nas fichas de elixibilidade das Bases reguladoras, os proxectos poderán clasificarse en Produtivos e Non-produtivos. Con carácter xeral terán a consideración de proxectos produtivos os que supoñan a realización dunha actividade económica con fin lucrativo tendentes á produción de bens e/ou servizos e que supoñan unha creación e/ou mantemento do nivel de emprego. Pola contra, terán a consideración de proxectos non produtivos os que teñan un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.

- b) Tanto os proxectos Produtivos como os Non-produtivos deberán obter un puntuación mínima de 35 puntos para poder ser subvencionables.
- c) Non serán subvencionables os proxectos localizados nas entidades singulares de poboación de máis de 6.000 habitantes (02100 Arteixo; 000100 Betanzos; 080100 Perillo; 060400 Sada).

2. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Segundo se recollen nas Bases reguladoras, existirán as seguintes Limitacións sectoriais:

Agader poderá solicitar informes e asinar convenios de colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a citada coherencia e complementariedade.

Considerando o sinalado anteriormente establécense as limitacións sectoriais seguintes:

a) Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalaría, rexerá o convenio de colaboración asinado entre Agader e a Axencia Turismo de Galicia no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

b) Para os investimentos no sector das enerxías renovables: queda excluído de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020 calquera tipo de investimento en enerxías renovables para venda á rede.

c) No ámbito dos investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturarias, lavandarias, clínicas, tanatorios, asesorías, perrucarías, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos): será de aplicación o que determine a Estratexia de desenvolvemento local do GDR que fose aprobada e seleccionada por Agader. A estratexia aprobada indicará expresamente o tipo de servizos e os núcleos, concellos ou zonas concretas que serán territorio elixible para esta tipoloxía de investimentos. Definirase tamén en cada estratexia se a subvencionabilidade destes investimentos se reducirá á modernización ou ampliación de establecementos en funcionamento ou se tamén serán elixibles establecementos de nova creación.

d) No ámbito dos investimentos no sector do comercio polo miúdo: será de aplicación o que determine a estratexia de desenvolvemento local que fose aprobada e seleccionada por Agader. En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.

e) Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2014-2020.

f) Para a realización de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento, deberase observar o disposto na Estratexia de desenvolvemento local aprobada e seleccionada por Agader, na cal estarán identificadas, de forma expresa e por núcleos de poboación ou parroquias, as necesidades de creación de novos locais sociais, de reforma ou de ampliación de locais sociais xa existentes, de xeito que a subvencionabilidade destes investimentos dependerá da planificación realizada en cada estratexia de desenvolvemento local. A contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50.000 € por proxecto.

O GDR Mariñas-Betanzos ten identificado as seguintes parroquias onde poderán desenvolverse os anteriores investimentos: Limiñón, Montouto e Sarandóns (Abegondo); Cambás (Aranga); Guísamo e Moruxo (Bergondo); Piadela, Pontellas; Requián; San Pedro das Viñas e Tiobre (Betanzos); Brives, Cecebre, Cambre, Pravio e Vigo (Cambre); Paleo (Carral); Castelo, Celas, Sésamo, Sueiro, Veiga (Culleredo); Verís (Irixoa).

g) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000 € por proxecto.

A Asociación Mariñas-Betanzos ten definido varias actividades que quedarían excluídas das axudas Leader, e que non serán elixibles nos proxectos Produtivos, debido ao impacto no ambiente e na paisaxe do territorio. Estas actividades excluídas serían segundo CNAE 2015 as seguintes:

- B.- Industrias extractivas
- B05.- Extracción de antracita, hulla e lignito
- B06.- Extracción de crudo de petróleo e gas natural
- B07.- Extracción de minerais metálicos
- B09.- Actividades de apoio ás industrias extractivas
- D.- Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor, e aire acondicionado
 - (D3512; D3513; D3514; D3515; D3516; D3517; D3552).
- G-4726 Comercio polo miúdo de produtos de tabaco en establecementos especializados.

Quedan tamén excluídas as gasoliñeiras (excepto as promovidas por cooperativas agrarias para os seus asociados). Tamén serán elixibles os investimentos para dotar de novos puntos de recarga para vehículos eléctricos.

No que se refire a axudas aos servizos e comercio minorista defínense os seguintes criterios territoriais de elixibilidade:

Con carácter xeral, a creación de novos servizos ou novo comercio minorista non será elixible si xa existe na mesma entidade singular de poboación onde se quixeran instalar (segundo Nomenclátor 2014), por considerar que contan xa con este servizo. Deberá acreditarse a non existencia dese servizo segundo certificado expedido polo Concello no que se atope. Deste xeito búscase potenciar a creación dos servizos nas entidades singulares onde non existan.

Si serán elixibles as ampliacións e melloras destes servizos e comercio polo miúdo xa existentes, para que consoliden ás súas actividades e melloren as súas infraestruturas de cara a mellorar o servizo.

Excepcionalmente, si serán elixibles proxectos de novos servizos ou comercio minorista na mesma entidade singular de poboación, sempre que se comprometan a crear dentro do proxecto, como mínimo 2 Etas de Emprego.

Respecto á Ficha de Elixibilidade I. Investimentos no sector da produción agraria primaria (proxectos produtivos); referidos a pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000 € de investimento total elixible, que supoñan o inicio ou a implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constituía unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto. No sector forestal, unicamente serán elixibles as plantacións de froiteiras de aptitude mixta ou as especies frondosas enumeradas no Anexo I da Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Os proxectos de investimento para a mellora e creación de servizos de transporte, mobilidade, accesibilidade e transporte de persoas con discapacidade, só serán elixibles si son desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro ou concellos.

As iniciativas e actividades de **custodia do territorio** deberán ser promovidas por unha entidade de Custodia do Territorio, sendo promovidas en espazos naturais protexidos ou zonas adxacentes, áreas de valor ambiental ou ENILs.

A creación de **novos centros de interpretación** no territorio, estarán vinculados tematicamente a Espazos Naturais Protexidos do territorio.

3. LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA NOS EXPEDIENTES

A Asociación Mariñas-Betanzos estableceu os seguintes límites de axuda e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública, así como o procedemento de priorización de proxectos da medida Leader e os Criterios para a baremación de expedientes, segundo se recolle máis adiante.

A Asociación Mariñas-Betanzos optou por reducir o importe máximo de axudas nos proxectos produtivos a 130.000 euros. A intención desta limitación é que xurdan moitos pequenos proxectos que encaixen na estratexia e poidan estar conectados entre si.

Se fixa un límite mínimo de 35 puntos sobre os 100 puntos máximos para que o proxecto poida ser elixible. Esta puntuación mínima non asegura que o expediente reciba axuda, posto que estará sometida a dispoñibilidade de fondos despois dun proceso de concorrencia competitiva que ordenará os expedientes a apoiar (que contén con Informe Favorable de Elixibilidade), de maior a menor puntuación.

LÍMITES PROXECTOS PRODUTIVOS E RELACIÓN PUNTUACIÓN COA PORCENTAXE DE AXUDA:

- Límite de axuda máxima: 130.000.-€
- Porcentaxe de axuda máxima: 50 % (excepto normativa específica do Réxime de Axudas Leader 2014-2020)
- Porcentaxe de axuda mínima : 24,5 %
- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos
- Puntuación máxima: ata 100 puntos
- Procedemento baremación: por cada punto a partires dos 35 puntos mínimos a porcentaxe de axuda increméntase nun 0,7%. Con 72 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda do 50%.

LÍMITES PROXECTOS NON-PRODUTIVOS E RELACIÓN PUNTUACIÓN COA PORCENTAXE DE AXUDA:

- Límite de axuda máxima para expedientes Non-produtivos de creación de viveiros de empresas, incubadoras e espazos para o traballo compartido: 150.000.-€
- Límite de axuda máxima para o resto de proxectos Non-produtivos: 50.000.-€

- Porcentaxe de axuda máxima:
Proxectos Non produtivos de prioridade Alta: 90%
Proxectos Non produtivos de prioridade Media: 70%
Proxectos Non produtivos de prioridade Baixa: 50%
- Porcentaxe de axuda mínima: 35 %
- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos.
- Puntuación máxima: 100 puntos

- Procedemento baremación segundo a súa prioridade:

A) Proxectos de prioridade alta:

Por cada punto desde 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,6%.

Con 70 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-produtivos de prioridade alta.

Terán a consideración de proxectos de prioridade alta os seguintes:

*Servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a infancia, e a promoción dun envellecemento activo e saudable.

*Servizos TIC no rural (telecentros, aulas informática e plataformas dixitais de servizos á poboación)

*Proxectos encaixables no Plan de Xestión 2013-2017 da Reserva da Biosfera MCeTM: viveiros empresas e espazos para o emprendemento, proxectos de mellora ambiental en espazos protexidos e accións de Custodia Terroitorio; sinalización do patrimonio; recuperación e posta en valor do patrimonio rural e o seu uso público; fomento da innovación nas empresas e no sector agrario e forestal.

*Actuacións de recuperación e mellora paisaxística e de fomento da biodiversidade.

B) Proxectos de prioridade media:

Por cada punto a partir de 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,5%.

Con 59 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-produtivos de prioridade media.

Se considerarán proxectos de prioridade media os seguintes:

*Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística

*Proxectos de mellora de centros sociais.

C) Proxectos de prioridade baixa:

Por cada punto desde 35 puntos, a porcentaxe de axuda increméntase nun 1 %

Con 50 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-produtivos de prioridade baixa.

Se considerarán proxectos de prioridade baixa os que non estean incluídos como de "prioridade alta ou media".

4. BAREMO DE SELECCIÓN PARA PROXECTOS PRODUTIVOS

Regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública para proxectos Produtivos:

Establecese unha puntuación máxima de 100 puntos.

Criterios utilizados na baremación dos proxectos:

1. **Ubicación xeográfica (máximo 30 puntos)¹:**

1.1 Índice Municipal de Renda Dispoñible Bruta por habitante (considerando a media de Galicia = 100). Ano 2009. Fonte IGE.

1.2 Densidade de poboación do ano 2014. Fonte IGE.

1.3 Taxa de paro do ano 2014. Diario económico Expansión. Fonte INE.

1.4 Localización do proxecto. Fonte Nomenclátor Galicia ano 2014.

1.5 Outros criterios xeográficos: Localización do proxecto en Concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da pesca); localización en zonas de montaña e desfavorecidas; localización do proxecto nun concello que teña algunha superficie dentro dun espazo natural protexido declarado.

2. **Características da entidade promotora (máximo 6 puntos)**

3. **Incidencia directa do proxecto sobre o emprego (máximo 24 puntos)**

4. **Impacto sobre o territorio: económico, social e medioambiental (máximo 25 puntos)**

4.1 Capacidade de arrastre do proxecto

4.2 Incidencia medioambiental e contribución ao desenvolvemento sostible

5. **Valor engadido sobre o territorio e a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (máximo 15 puntos)**

¹ En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase o concello coa puntuación máis elevada.

Regras xerais sobre a elixibilidade de expedientes Produtivos:

Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 24,5 %

Con 72 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima: 50%

Por cada punto a partires dos 35 puntos mínimos, a % de axuda increméntase nun 0,7 %.

Importe máximo de axuda por expediente: 130.000 euros

Os criterios para baremar os proxectos produtivos se recollen na táboa seguinte:

BAREMO SELECCIÓN PROXECTOS PRODUTIVOS	PUNTUACIÓN	
1. UBICACIÓN XEOGRÁFICA (En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase a do concello máis favorable):	Máximo 30 puntos	30%
1.1. Índice Municipal da Renda Dispoñible Bruta (IMRDB) por habitante (se a media de Galicia=100) (Ano 2009). Fonte IGE.	Máximo 8 puntos	
1.1.1. Concellos co IMRDB \leq 85 (Aranga, Coirós, Irixoa)	8	
1.1.2. Concellos co IMRDB entre 86 e 100, incluído (Abegondo, Arteixo, Carral, Oza-Cesuras, Curtis, Paderne)	7	
1.1.3. Concellos co IMRDB entre 101 e 115, incluído (Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo e Sada)	6	
1.1.4. Concellos co IMRDB superior a 116 (Oleiros)	5	
1.2. Densidade de poboación (ano 2014). Fonte IGE.	Máximo 10 puntos	
1.2.1. Concellos densidade poboación 2014 menor ou igual ao 100% (Abegondo, Aranga, Coirós, Curtis, Oza-Cesuras, Irixoa, Paderne)	10	
1.2.2. Concellos densidade poboación 2014 desde o 100% e o 400%, incluído (Arteixo, Carral, Bergondo)	8	
1.2.3. Concellos densidade poboación 2014 maior ao 400% (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	6	
1.3. Taxa de paro (ano 2014). (fonte: www.datasmacro.com. Diario económico Expansión- Fonte INE).	Máximo 3 puntos	
1.3.1. Concellos cunha taxa de paro rexistrado $<$ do 16% (Aranga, Curtis)	1	
1.3.2. Concellos cunha taxa de paro rexistrado \geq 16% e $<$ do 17% (Oleiros, Carral, Abegondo, Irixoa)	2	
1.3.3. Concellos cunha taxa de paro rexistrado \geq ao 17% (Sada, Oza-Cesuras, Paderne, Cambre, Betanzos, Coirós, Culleredo, Arteixo, Bergondo)	3	
1.4. Localización do proxecto (Fonte Nomenclátor Galicia, ano 2014). Entidades singulares excluídas: Arteixo, Sada, Betanzos, Perillo.	Máximo 6 puntos	
1.4.1: Entidade singular cunha poboación \leq 1000 persoas (todas excepto as sinaladas nos apartados 1.4.2; 1.4.3).	6	
1.4.2: Entidade singular cunha poboación desde 1.001 ata 2.500 persoas incluídas (Carral: Carral; Arteixo: Oseiro; Curtis: Teixeiro, A Estación; Oleiros: Arillo, Coruxo de Arriba, Montrove e Pazos; Culleredo: Conduzo, Cordeda, A Corveira, Fonteculler, O Portadego).	5	
1.4.3: Entidade singular cunha poboación maior de 2.500 persoas (Arteixo: Vilarrodís, Meicende e Pastoriza; Cambre: Cambre, A Barcala, O Graxal, O Temple; Oleiros: O Porto de Santa Cruz; Culleredo: Acea de Ama, O Burgo, Vilaboa).	3	
1.5. Outros criterios xeográficos	Máximo 3 puntos	
1.5.1: Proxecto localizado en concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da Pesca) (Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Oza-Cesuras, Curtis).	1	
1.5.2: Proxecto localizado en zonas de montaña ou desfavorecidas (Aranga, Coirós, Curtis, Irixoa).	1	
1.5.3: Proxecto localizado nun concello que no momento da solicitude de axuda, conte con parte do seu territorio incluído nun espazo natural protexido.	1	

2. CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE PROMOTORA	Máximo 6 puntos	6 %
2.1: Proxecto promovido por unha muller ou mozo menor de 41 anos ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas socias sexan mulleres ou mozos menores de 41 anos.	2	
2.2: Proxecto promovido por persoas con discapacidade ou por unha entidade onde polo menos o 50% dos socios sexan persoas con discapacidade (mínimo do 33%, recoñecido por un organismo oficial).	2	
2.3: Proxecto promovido por unha persoa inmigrante ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas asociadas sexan inmigrantes.	2	
2.4: Proxecto promovido por unha persoa desempregada ou por unha entidade onde polo menos o 50% das persoas socias sexan persoas desempregadas (inscrita nos servizos de emprego oficiais).	2	
2.5: Proxecto promovido por persoas maiores de 55 anos ou por entidades onde polo menos o 50% das persoas socias sexan persoas maiores de 55 anos.	2	
2.6: Proxecto promovido por unha persoa integrada nalgún programa de inserción ou reinserción social ou por entidades onde polo menos o 50% das persoas socias sexan persoas integradas nalgún programa de inserción ou reinserción social (acreditándose mediante informe de Servizos Sociais municipal).	2	
3. INCIDENCIA DIRECTA DO PROXECTO SOBRE O EMPREGO:	Máximo 24 puntos	24%
3.1. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos (a puntuación máxima acadarase con 4 empregos (UTAS)).	20	
3.2. Por cada fracción de 0,25 empregos creados en colectivos desfavorecidos outorgase unha puntuación de 1,5 puntos (mulleres, mocidade menor de 41 anos*, persoas con discapacidade (mínimo 33% recoñecido), persoas inmigrantes, persoas maiores de 55 anos, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no Servizo Público de Emprego). A puntuación máxima acadarase con 2,5 UTAS. * Se a creación de emprego é dunha persoa inscrita no "Programa de Garantía Xuvenil", outorgarase unha puntuación de 2 puntos cada fracción de 0,25 empregos creados.	15	
4. IMPACTO DO PROXECTO SOBRE O TERRITORIO: ECONÓMICO, SOCIAL E MEDIOAMBIENTAL	Máximo 25 puntos	25%
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto		
4.1.1. O proxecto consiste na creación dun novo servizo á poboación (a limitación sectorial implica que deberá acreditarse mediante certificación do Concello que este servizo non existe en dito núcleo).	20	
4.1.2. Se o proxecto consiste na modernización ou ampliación dun servizo	15	
4.1.3. Se o proxecto é de transformación e/ou comercialización produtos agrarios e ademais cumpre o seguinte: Respecto á comercialización, se son froiterías, panaderías ou tendas onde se comercialicen producións agrarias e están incluídas no CNAE (Clasificación Nacional de Actividades Económicas): 47.2 "Comercios ao por menor de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados"; e se estas tendas contan cun mínimo de 5 referencias de produtos que posúan a marca Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo". No caso de non existir un mínimo de 10 referencias dentro da marca Reserva de Biosfera onde escoller, poderá xustificarse documentalmente que este mínimo de 5 referencias están producidos ou elaborados no ámbito territorial do GDR Mariñas-Betanzos (verificable segundo facturas de compra). Se o proxecto é de transformación de produtos forestais . Se o proxecto é de comercialización de produtos forestais .	25	
4.1.4. Proxectos de investimento en explotacións agrarias que sexa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar (plantacións excluídas: eucalipto ou especies de crecemento rápido (paulonias, pseudotsugas, piñeiros)).	25	

4.1.5. O proxecto suporá a implantación dunha nova actividade económica non existente no Concello (segundo IAE e informe emitido polo Concello).	10	
4.1.6. Proxectos de comercialización de produtos artesanais (que contén coa Carta de Artesán).	15	
4.1.7. Proxectos de creación, mellora ou ampliación de aloxamentos ou servizos turísticos.	15	
4.2. Incidencia medioambiental e contribución ao desenvolvemento sostible.		
4.2.1: Proxecto que contribúe á loita fronte ao cambio climático ou empregue enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético ¹ ; e/ou que conteñan implementación de sistemas de aforro de auga ² ; e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos. O aforro enerxético, o aforro de auga ou a mellora na xestión de residuos, deberá acreditarse mediante informe dun técnico competente que cuantifique estes impactos. ¹ Sempre que non sexa un requisito obrigatorio ou legal dispoñer deles. Ademais o investimento en enerxías renovables ou eficiencia enerxética deberá ser como mínimo do 5% do investimento elixible. ² O investimento deberá supoñer un mínimo do 1% do investimento elixible.	10	
4.2.2: Proxecto que utilizará nos investimentos a bioconstrución ou estruturas de madeira (que supoña o uso de madeira ou bioconstrución un mínimo do 5% do investimento elixible en obra civil)	10	
5. VALOR ENGADIDO SOBRE O TERRITORIO E A RESERVA DE BIOSFERA	Máximo 15 puntos	15%
5.1: Se o proxecto se inclúe como "programado" por estar recollido na Estratexia da Asociación Mariñas-Betanzos do Programa Leader (2014-2020), e está aliñado co Plan de Xestión da Reserva de Biosfera:		
5.1.1. Investimentos en proxectos de produción agrícola, gandeira e agroforestal complementarios á actividade principal non agraria da unidade familiar, que empreguen exclusivamente variedades locais ou razas autóctonas, ou se inscriban como agricultura ecolóxica ou en reconversión no CRAEGA (Consello Reg. Agricultura Ecolóxica).		
5.1.2. Investimentos para a diversificación de actividades non agrarias en explotación agrarias.		
5.1.3. Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios, que utilicen variedades locais ou razas autóctonas, ou sexan produción inscrita no CRAEGA.		
5.1.4. Proxectos no que participen distintos axentes da cadea agroalimentaria organizados segundo un acordo escrito, e orientados á transformación ou comercialización de producións agrarias. Si entre os axentes participantes atópanse produtores agrarios, deberán contar cun mínimo dun ano de antigüidade dende a alta no REAS (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia) e ter vendas a terceiros.	15	
5.1.5. Creación de servizos que fomenten as iniciativas de mobilidade sostible (vehículos propulsados sen combustibles fósiles ou vehículo compartido; puntos recarga vehículos eléctricos)		
5.2: Proxecto dirixido a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral (casas-ñiño, garderías, ludotecas)	15	
5.3: Proxecto promovido por unha entidade de "Economía Social" (cooperativa, mutualidade, fundación, asociación, sociedade laboral, empresa de inserción, centro especial de emprego, confraría ou sociedade agraria de transformación).	10	
TOTAL	100	100%

5. BAREMO DE SELECCIÓN PARA PROXECTOS NON-PRODUCTIVOS

Establécense uns criterios de baremación de proxectos, ata unha puntuación máxima de 100 puntos. Estes criterios agrúpanse nos seguintes epígrafes:

1. Ubicación xeográfica (máximo 40 puntos) *1:
 - 1.1 Índice Municipal da Renda Disponible Bruta (IMRDB) por habitante (Ano 2009). Fonte IGE.
 - 1.2 Densidade de poboación do ano 2014. Fonte IGE.
 - 1.3 Taxa de paro do ano 2014. Diario económico Expansión. Fonte INE.
 - 1.4 Localización do proxecto. Fonte Nomenclátor Galicia, ano 2014.
 - 1.5 Outros criterios xeográficos: Localización do proxecto en Concellos que non participan nun GALP (Grupo de Acción Local da pesca); localización en zonas de montaña e desfavorecidas; localización do proxecto nun concello que teña algunha superficie dentro dun espazo natural protexido declarado.
2. Características da entidade promotora (máximo 10 puntos)
3. Capacidade de arrastre do proxecto, incidencia ambiental e contribución ao desenvolvemento sostible (máximo 50 puntos)

*1: ¹ En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase o concello coa puntuación máis elevada.

Límites e cálculo da porcentaxe de axuda:

- Límite de axuda máxima para expedientes de creación de viveiros de empresas, incubadoras e espazos para o traballo compartido: 150.000.-€
- Límite de axuda máxima para o resto dos proxectos: 50.000.-€
- Porcentaxe de axuda máxima:

Proxectos Non produtivos de prioridade Alta:	90%
Proxectos Non produtivos de prioridade Media:	70%
Proxectos Non produtivos de prioridade Baixa:	50%
- Porcentaxe de axuda mínima: 35 %
- Puntuación mínima (nota de corte): 35 puntos.
- Puntuación máxima: 100 puntos
- Procedemento baremación:
 - a) Proxectos de prioridade alta: Por cada punto desde os 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,6 %.
Con 70 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade alta.
 - b) Proxectos de prioridade media:
Por cada punto a partir de 35 a porcentaxe de axuda increméntase nun 1,5%.
Con 59 puntos acádase a axuda máxima nos proxectos non-productivos de prioridade media.
 - c) Proxectos de prioridade baixa:
Por cada punto desde 35 puntos, a porcentaxe de axuda increméntase nun 1 %
Con 50 puntos acádase a porcentaxe máxima de axuda nos proxectos non-productivos de prioridade baixa.

BAREMO DE SELECCIÓN PARA PROXECTOS NON-PRODUTIVOS	PUNTUACIÓN	
1. UBICACIÓN XEOGRÁFICA (En caso de que os investimentos se desenvolvan en varios concellos, puntuarase a do concello máis favorable):	Máximo 40 puntos	40%
1.1. Índice Municipal da Renda Dispoñible Bruta (IMRDB) por habitante (se a media de Galicia=100) (Ano 2009). Fonte IGE.	Máximo 7 puntos	
1.1.1. Concellos co IMRDB \leq 85 (Aranga, Coirós, Irixoa)	7	
1.1.2. Concellos co IMRDB entre 86 e 100, incluídos (Abegondo, Arteixo, Carral, Oza-Cesuras, Curtis, Paderne)	6	
1.1.3. Concellos co IMRDB entre 101 e 115, incluído (Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo e Sada)	5	
1.1.4. Concellos co IMRDB superior a 116 (Oleiros)	4	
1.2. Densidade de poboación (ano 2014)	Máximo 10 puntos	
1.2.1. Concellos con densidade de poboación menor de 100 hab./Km ² (Abegondo, Aranga, Coirós, Curtis, Oza-Cesuras, Irixoa, Paderne)	10	
1.2.2. Concellos con densidade de poboación entre 100 e 400 hab./Km ² , incluídos ambos (Arteixo, Carral, Bergondo).	8	
1.2.3. Concellos con densidade de poboación maior de 400 hab./Km ² (Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada)	6	
1.3. Taxa de paro (ano 2014) (fontes: www.datosmacro.com. Diario económico Expansión- Fonte INE).	Máximo 10 puntos	
1.3.1. Concellos cunha taxa de paro rexistrado menor do 16% (Aranga, Curtis)	6	
1.3.2. Concellos cunha taxa de paro rexistrado entre o 16% e o 17%, incluídos ambos (Oleiros, Carral, Abegondo, Irixoa)	8	
1.3.3. Concellos cunha taxa de paro rexistrado maior do 17% (Sada, Oza-Cesuras, Paderne, Cambre, Betanzos, Coirós, Culleredo, Arteixo, Bergondo)	10	
1.4. Localización do proxecto (Fonte Nomenclátor Galicia ano 2014). Entidades singulares excluídas: Arteixo, Sada, Betanzos, Perillo.	Máximo 10 puntos	
1.4.1: Entidade singular cunha poboación menor de 1.000 persoas (todas excepto as sinaladas nos apartados 1.4.2; 1.4.3 e Arteixo, Sada, Betanzos e Perillo).	10	
1.4.2: Entidade singular cunha poboación entre 1.000 e 2.500 persoas, incluídos ambos (Carral: Carral; Arteixo: Oseiro; Curtis: Teixeira, A Estación; Oleiros: Arillo, Coruxo de Arriba, Montrove e Pazos; Culleredo: Conduzo, Cordeda, A Corveira, Fonteculler, O Portádego).	8	
1.4.3: Entidade singular cunha poboación maior de 2.500 persoas (Arteixo: Vilarrodís, Meicende e Pastoriza; Cambre: Cambre, A Barcala, O Graxal, O Temple; Oleiros: O Porto de Santa Cruz; Culleredo: Acea de Ama, O Burgo, Vilaboa).	6	

1.5. Outros criterios xeográficos	Máximo 3 puntos	
1.5.1: Proxecto localizado en concellos que non participan no GALP (Grupo de Acción Local da Pesca) (Abegondo, Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Carral, Oza-Cesuras, Curtis).	1	
1.5.2: Proxecto localizado en zonas de montaña ou desfavorecidas (Aranga, Coirós, Curtis, Irixoa).	1	
1.5.3: Proxecto localizado nun concello que no momento da solicitude de axuda, conte con parte do seu territorio incluído nun espazo natural protexido.	1	
2. CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE PROMOTORA	Máximo 10 puntos	10%
2.1: Proxecto promovido por un Concello.	6	
2.2: Proxecto promovido por entes supramunicipais, ou por entidades públicas ou privadas que promovan proxectos de ámbito supramunicipal.	7	
2.3: Proxecto promovido por unha entidade sen ánimo de lucro que teña entre os seus obxectivos sociais mellorar as condicións de colectivos desfavorecidos (mulleres, mocidade menor de 41 anos, persoas con discapacidade, persoas inmigrantes, persoa integrada nalgún programa de inserción o reinserción social, persoas maiores de 55 anos en busca de emprego).	7	
2.4. Se a entidade promotora non ten recibido ningunha axuda no Leader 2007-2013 da Asociación Mariñas-Betanzos.	3	
3. CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO, INCIDENCIA AMBIENTAL E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	Máximo 50 puntos	50%
3.1. O proxecto consiste na creación, mellora ou ampliación de servizos que fomenten a inclusión social (servizos de igualdade e benestar á poboación, servizos de integración de comunidades marxinais e de persoas inmigrantes, servizos de coidado das persoas maiores e da infancia).	15	
3.2: Se o proxecto encaixa como "programado" nas Fichas da Estratexia Leader (2014-2020), estando aliñado coa Reserva de Biosfera e dirixido a:		
3.2.1.- Promover novos aproveitamentos do monte (entendidos como aqueles que non sexan aproveitamento da madeira).		
3.2.2.- Fomentar e animar a produción ecolóxica e o apoio á reconversión a dita produción.		
3.2.3.- Proxectos de mellora ambiental (xustificarase esta mediante informe asinado por técnico competente, explicando afeccións e efectos sobre o medio ambiente): creación de microrreservas e pequenas zonas húmidas para a protección da biodiversidade; diminución do impacto visual e naturalización de infraestruturas rurais; recuperación de hábitats; erradicación e loita fronte a especies invasoras; custodia do territorio en espazos de interese ambiental; identificación, protección e mellora de áreas de valor natural e árbores de interese, así como proxectos que contribúan a potenciar os corredores de biodiversidade; recuperación e mellora da paisaxe; mellora dos recursos hídricos; prevención fronte a incendios forestais).		
3.2.4.- Recuperación, inventario, mellora e posta en valor de recursos culturais, etnográficos e históricos do territorio, incluíndo a creación e sinalización de rutas temáticas.		
3.2.5.- Investimentos en servizos e centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento.		
3.2.6.- Investimentos dirixidos ao colectivo de persoas con discapacidade (mínimo 33% recoñecido oficialmente) para: favorecer a incorporación ao mercado laboral; a creación ou mellora de servizos de mobilidade; uso das TIC en terapias innovadoras.		
3.2.7.- Proxectos dirixidos a promover a Responsabilidade Social Empresarial entre as empresas e entidades do territorio, así como a promover as redes empresariais.	30	

3.3. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,5 puntos (acádase a puntuación máxima con 2,5 UTAs).	15	
3.4. O proxecto consiste na implantación de viveiros de empresas, espazos de traballo compartido ou accións de promoción do emprego e o emprendemento.	30	
3.5. O proxecto consiste na mellora de centros de interpretación do territorio, de tematización turística ou ambiental, ou da mellora da sinalización dos Espazos Naturais Protexidos ou da Reserva da Biosfera.	35	
3.6. O proxecto potencia a comercialización das producións locais e os mercados no territorio.	15	
3.7. Proxecto que contribúe á loita fronte ao cambio climático ou empregue enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético ¹ ; e/ou que conteñan implementación de sistemas de aforro de auga ² ; e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos. O aforro enerxético, o aforro de auga ou a mellora na xestión de residuos, deberá acreditarse mediante informe dun técnico competente que cuantifique estes impactos. ¹ Sempre que non sexa un requisito obrigatorio ou legal dispoñer deles. Ademais o investimento en enerxías renovables ou eficiencia enerxética deberá ser como mínimo do 5% do investimento elixible. ² O investimento deberá supoñer un mínimo do 1% do investimento elixible.	10	
3.8. Proxecto que utilizará nos investimentos a bioconstrución ou estruturas de madeira (que supoña o uso de madeira ou bioconstrución un mínimo do 5% do investimento elixible en obra civil)	5	
3.9. Proxecto está promovido por unha entidade de "Economía Social" (asociación, fundación ou confraría).	10	
3.10. Proxecto de investigación aplicada no eido dos sectores agrario ou forestal no territorio do GDR Mariñas-Betanzos, que contribúan á innovación destes sectores, posibilitando a aparición de novos produtos, servizos ou métodos de produción, transformación ou comercialización innovadores *. * Deberase acreditar esta innovación no ámbito do GDR Mariñas-Betanzos mediante un informe dunha entidade oficial da administración pública con competencias ou políticas nese sector ou liñas de investigación no mesmo (Medio Rural, Innovación, universidades, centros de investigación, etc.).	35	
TOTAL	100	100%

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA:

*Servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a infancia, e a promoción dun envellecemento activo e saudable.

*Servizos TIC no rural (telecentros, aulas informática e plataformas dixitais de servizos á poboación)

*Proxectos encaixables no Plan de Xestión 2013-2017 da Reserva da Biosfera MCeTM: viveiros empresas e espazos para o emprendemento, proxectos de mellora ambiental en espazos protexidos e accións de Custodia Territorio; sinalización do patrimonio; recuperación e posta en valor do patrimonio rural e o seu uso público; fomento da innovación nas empresas e no sector agrario e forestal.

*Actuacións de recuperación e mellora paisaxística e de fomento da biodiversidade.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA:

*Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística

*Proxectos de mellora de centros sociais.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA:

* Resto de proxecto non recollidos nos apartados anteriores.

6. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS

6.1.- Instrución do procedemento

Os actos de instrución do procedemento en virtude dos cales deba ditarse a resolución de concesión corresponderán ao equipo xestor do GDR e á Subdirección de Relacións cos GDR, segundo o disposto nas Bases reguladoras.

En relación coa Solicitud de axuda, o equipo xestor do GDR comprobará que a operación cumpre cos requisitos da Estratexia de desenvolvemento local aprobada, co disposto nas Bases reguladoras, no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 e na restante normativa comunitaria e nacional que sexa de aplicación.

En particular, verificarase:

- a) A admisibilidade do beneficiario.
- b) Os criterios de admisibilidade da acción proposta.
- c) A localización do investimento en territorio elixible.
- d) A xustificación da viabilidade técnica, económica (se é o caso) e financeira.
- e) A elixibilidade dos investimentos propostos.
- f) Os compromisos e as obrigas que debe cumprir a operación para a cal se solicita a axuda.
- g) O cumprimento dos criterios de selección.
- h) A verificación da moderación dos custos propostos.

6.2.- Análise da solicitude de axuda e da documentación.

No suposto de defectos na solicitude ou na documentación complementaria, o equipo xestor do GDR requirirá o interesado para que no prazo máximo e improrrogable de 10 días corrixa a falta ou xunte os documentos preceptivos, nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, non será susceptible de emenda a falta de presentación da seguinte documentación, considerada como mínimo imprescindible para tramitar a solicitude de axuda:

- Solicitud de axuda (anexo II).
- Memoria e resumo do proxecto en documento normalizado (anexo III para proxectos produtivos e anexo IV para proxectos non produtivos).
- Orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto (anexo V).

No caso de que non se achegue, como mínimo, esta documentación, emitirase por parte do equipo xestor do GDR un Informe Control de Elixibilidade (ICE) desfavorable.

Así mesmo, logo da presentación da solicitude de axuda e durante a instrución do procedemento, non se admitirá ningunha modificación dos investimentos para os cales se solicita a axuda que supoñan un incremento do seu importe nin a inclusión de novos elementos ou gastos.

A sede electrónica da Xunta de Galicia terá á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización dos trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén poderán presentalos presencialmente no rexistro do GDR ao cal vaian dirixidos.

6.3.- Emisión do Informe de Control de Elixibilidade (ICE)

Compételle ao equipo xestor do GDR emitir o ICE, segundo o modelo normalizado que facilitará Agader e que reflectirá o resultado da avaliación e baremación do proxecto, ao abeiro da Estratexia de desenvolvemento local aprobada, das bases reguladoras e da normativa que resulte de aplicación. A baremación do proxecto realizarase segundo os criterios obxectivos de adjudicación das subvencións recollidos anteriormente local. A puntuación que obteña cada proxecto será a que determine a contía individualizada da axuda que lle corresponde, de acordo coas regras establecidas.

O GDR remitirá a Agader o ICE acompañado de copia dos documentos que integran o expediente. A documentación orixinal ou, de ser o caso, copias debidamente cotexadas, deberá estar dispoñible na sede do GDR.

Unicamente no caso de renuncia ou desistencia expresa do promotor, non será necesario emitir o ICE. O equipo xestor do GDR remitirá a Agader o documento presentado polo promotor e o resto da documentación que forme parte do expediente para aceptar a renuncia ou a desistencia expresa e declarar concluído o procedemento.

O prazo para a emisión do ICE será de 10 días, contados desde a data en que o expediente estea completo, nos termos previstos anteriormente.

6.4.- Emisión do Informe Técnico de viabilidade

Compételle ao equipo xestor do GDR emitir un informe técnico de viabilidade por cada proxecto, que se remitirá xunto co ICE, tendo en conta o modelo normalizado que facilite Agader ao equipo xestor do GDR.

O informe técnico de viabilidade pronunciarase sobre a capacidade, solvencia técnica e financeira do promotor para levar a cabo o proxecto. No caso de proxectos produtivos, o informe de viabilidade pronunciarase tamén sobre a solvencia económica do proxecto.

O equipo xestor do GDR requiriralle ao promotor a acreditación do contido recollido nos puntos anteriores deste artigo. O promotor poderá acreditar esta capacidade e solvencia mediante calquera medio válido admitido en dereito.

O prazo para a emisión do informe técnico de viabilidade será de 10 días, contados desde a data en que o expediente estea completo, nos termos previstos anteriormente.

6.5.- Verificación do ICE e do informe técnico de viabilidade.

Compételle ao persoal da Subdirección de Relacións cos GDR realizar a verificación do ICE e do informe técnico de viabilidade, ao abeiro do PDR, da Estratexia de desenvolvemento local do GDR, das bases reguladoras, da normativa reguladora do Feader, da normativa sectorial que resulte de aplicación ao proxecto e dos principios de complementariedade e coherencia coas políticas que se aplican na Comunidade Autónoma de Galicia.

No suposto de carencias ou defectos na documentación que integra o expediente, o persoal da Subdirección de Relacións cos GDR solicitaralle ao equipo xestor do GDR documentación complementaria.

Neste momento procedemental, e de acordo co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG), e no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, o persoal da Subdirección de Relacións cos GDR poderá efectuar, ademais dos controis administrativos referidos á admisibilidade e fiabilidade dos solicitantes, aos requisitos de admisibilidade, compromisos e obrigas da operación e á revisión dos criterios de selección, as comprobacións sobre a moderación dos custos propostos e, no caso de detectarse diferenzas substanciais respecto do valor de mercado, efectuarase a redución que corresponda no orzamento.

A verificación do ICE e do informe técnico de viabilidade por parte de Agader terá o carácter de informe preceptivo e vinculante para os efectos do establecido no artigo 80.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non poderá concederse axuda a ningún proxecto que non conte coa verificación administrativa da elixibilidade favorable.

6.6.- Selección e proposta de resolución por parte da Xunta Directiva do GDR.

A Xunta Directiva do GDR realizará e remitirá a Agader, tendo en conta o procedemento de selección e priorización de proxectos definido na súa estratexia, unha única proposta de selección de proxectos motivada, con data límite do 30 de xuño de cada ano, para as solicitudes de axuda presentadas ata o 31 de marzo de cada ano.

A dita proposta incluírá unha lista dos proxectos que se subvencionarán, ordenados de maior a menor puntuación e ata o límite máximo do crédito dispoñible de cada GDR e para cada tipoloxía de proxectos. Polo tanto, distinguirase, por unha parte, entre proxectos produtivos e non produtivos e, dentro destes últimos, distinguirase entre os non produtivos promovidos por entidades públicas locais e os promovidos por institucións de carácter privado.

A relación ordenada de maior a menor puntuación correspondente aos proxectos non produtivos incluíra en primeiro lugar os considerados de prioridade alta, logo os de prioridade media e a seguir os de prioridade baixa, tal e como se definan en cada unha das estratexias dos GDR que foron seleccionadas.

En caso de empate a puntos nos proxectos de carácter Produtivo e Non-produtivo, primaranse os proxectos tendo en conta os seguintes criterios e a seguinte orde establecida:

1. Puntuación na creación de emprego. Definido nos criterios de baremación de selección de proxectos Produtivos no Punto 3, e nos proxectos Non-produtivos no Punto 3.3.
2. Puntuación na ubicación xeográfica. Definido nos criterios de baremación de selección de proxectos Produtivos e nos proxectos Non-produtivos no Punto 1.
3. Proxectos programados recollidos na estratexia. Definido nos criterios de baremación de selección de proxectos Produtivos no Punto 5, e nos proxectos Non-produtivos no Punto 3.2.

A relación de expedientes propostos pola Xunta Directiva do GDR incluíra a distribución da axuda por anualidades e o prazo máximo de execución de cada un dos expedientes propostos.

Unha vez realizada a proposta de resolución pola Xunta Directiva do GDR e no caso de existir crédito orzamentario para a anualidade correspondente, poderá realizarse unha segunda proposta de adxudicación de axudas ata o límite máximo do crédito dispoñible, con data límite do 31 de agosto de cada ano, coas solicitudes presentadas ata o 31 de maio de cada ano e que, en todo caso, contén co ICE verificado por parte de Agader.

As propostas de resolución de concesión da axuda emitidas pola Xunta Directiva do GDR, nas cales se incluíra unha relación de proxectos para os cales se propón axuda, incluírán, no caso de que existan, unha lista de agarda (ordenada de maior a menor prioridade) formada por proxectos que contén co ICE verificado por Agader e para os cales non exista crédito dispoñible na anualidade.

Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente á anualidade en que se presenten, por non contar co ICE verificado favorablemente por Agader ou por falta de crédito, poderán ser tomadas en consideración na anualidade inmediatamente seguinte, no caso de que o solicitante faga manifestación expresa neste sentido, sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

Non poderá usarse esta posibilidade cando o GDR modifique na súa Estratexia de desenvolvemento local os criterios de selección e valoración de proxectos que rexían no momento da presentación das solicitudes que non puideron atenderse no período anterior.

As entidades promotoras poderán presentar as solicitudes de axuda da medida Leader dende a apertura da convocatoria ata o 31 de marzo de 2020, adaptando estes prazos ao funcionamento que estableza Agader.

No procedemento de selección de proxectos a aplicar se asegurará a libre concorrència dos interesados, mediante convocatoria pública, ata o límite da dispoñibilidade orzamentaria anual.

Na última selección de proxectos efectuada da anualidade correspondente, poderase trasladar os fondos sobrantes dunha tipoloxía de proxectos a outra, buscando comprometer a totalidade.

ANEXO. DATOS TERRITORIAIS

1. Ubicación xeográfica

1.1. Índice Municipal da Renda Dispoñible Bruta (IMRDB) por habitante (se a media de Galicia=100) (ano 2009). Fonte IGE.

Índice Municipal da Renda Dispoñible Bruta (IMRDB) por habitante (ano 2009) no GDR-23. Fonte IGE

Concello	IMRDB
Abegondo	93,2
Aranga	78,9
Arteixo	90,7
Bergondo	112,5
Betanzos	103,0
Cambre	102,3
Carral	93,7
Coirós	80,4
Culleredo	112,5
Curtis	98,1
Irixoa	82,8
Oleiros	134,9
Oza - Cesuras	93,15
Paderne	91,4
Sada	109,5
Media GDR	98,47
Provincia A Coruña	105,3
Galicia	100

1.2. Densidade de poboación (ano 2014). Fonte IGE

Territorio e poboación (ano 2014) no GDR-23. Fonte: IGE

Concello	Superficie (km ²)	Poboación 2014	Densidade de poboación
Abegondo	83,8	5.585	66,6
Aranga	120,1	2.033	16,9
Arteixo	93,3	30.857	330,7
Bergondo	32,7	6.702	205,0
Betanzos	24,2	13.352	550,9
Cambre	40,7	24.029	590,8
Carral	48,0	6.118	127,5
Coirós	33,6	1.747	52,0
Culleredo	61,7	29.434	477,1
Curtis	116,5	4.048	34,7
Irixoa	68,2	1.421	20,8
Oleiros	43,8	34.563	789,9
Oza - Cesuras	151,4	5.275	34,8
Pademe	39,9	2.502	62,7
Sada	27,5	15.156	551,3
Total GDR	985,4	182.822	185,5
Provincia A Coruña	7.950,4	1.132.735	142,5
Galicia	29.574,8	2.748.695	92,9

1.3. Taxa de paro (ano 2014). Fonte: www.datosmacro.com. Diario económico Expansión - INE

Taxa de paro (ano 2014) no GDR-23. Fonte: www.datosmacro.com. Diario económico Expansión. INE

Concello	Taxa de paro
Abegondo	16,91
Aranga	15,15
Arteixo	21,87
Bergondo	19,22
Betanzos	18,82
Cambre	18,88
Carral	16,16
Coirós	18,14
Culleredo	19,41
Curtis	15,21
Irixoa	16,12
Oleiros	16,00
Oza - Cesuras	17,46
Pademe	17,46
Sada	17,83
Media GDR	17,64
Provincia A Coruña	18,41
Galicia	20,87

1.4. Localización do proxecto (ano 2014). Fonte: Nomenclátor Galicia. INE.

Entidades con poboación entre 1.001 e 6.000 habitantes (Año 2014) no territorio do GDR-23. Fonte: INE

Clase de entidade segundo poboación	Concello	Entidade	Poboación	
De 1.001 a 2.500 persoas	Carral	Carral	2351	
	Arteixo	Oseiro	1913	
	Curtis		Teixero	1055
			A Estación	1185
	Oleiros		Arillo	1606
			Coruxo de Arriba	1326
			Montrove	1439
			Pazos	1517
	Culleredo		Conduzo	1841
			Cordeda	1642
			A Corveira	1364
			Fonteculler	2270
O Portadego			2310	
De 2.500 a 6.000 persoas	Arteixo	Villarrodís	3067	
		Meicende	3669	
		Pastoriza	3408	
	Cambre		Cambre	3975
			A Barcala	2740
			O Graxal	3836
			O Temple	5110
	Oleiros		O Porto de Santa Cruz	2583
	Culleredo		Acea de Ama	4289
			O Burgo	4575
			Vilaboa	3167

1.5. Outros criterios xeográficos

1.5.1. Concellos incluídos nun Grupo de Acción Local de Pesca (GALP)

Concellos do GDR-23 segundo a súa pertenza a un GALP. Fonte: Consellería do Mar, Xunta de Galicia

Concello	GALP
Abegondo	-
Aranga	-
Arteixo	GALP Golfo Ártabro Sur
Bergondo	GALP Golfo Ártabro Sur
Betanzos	-
Cambre	GALP Golfo Ártabro Sur
Carral	-
Coirós	-
Culleredo	GALP Golfo Ártabro Sur
Curtis	-
Irixoa	-
Oleiros	GALP Golfo Ártabro Sur
Oza - Cesuras	-
Pademe	GALP Golfo Ártabro Norte
Sada	GALP Golfo Ártabro Sur

1.5.2. Concellos localizados en zona de montaña ou desfavorecidas

Concellos do GDR-23 segundo localización en zonas de montaña ou desfavorecidas. Fonte: Fogga, Xunta de Galicia

Concello	GALP
Abegondo	Non
Aranga	Si
Arteixo	Non
Bergondo	Non
Betanzos	Non
Cambre	Non
Carral	Non
Coirós	Si
Culleredo	Non
Curtis	Si
Irixoa	Si
Oleiros	Non
Oza - Cesuras	Non
Paderne	Non
Sada	Non

1.5.3. Concellos con parte do seu territorio incluído nun espazo natural protexido no GDR-23

Concellos do GDR-23 con Espazos Naturais Protexidos no seu ámbito (ano 2016). Fonte Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Xunta de Galicia.

Concello	Espazo Natural Protexido incluído
Abegondo	Encoro de Abegondo-Cecebre
Aranga	Betanzos-Mandeo
Arteixo	Costa da Morte
Bergondo	Betanzos-Mandeo
Betanzos	Encoro de Abegondo-Cecebre; Betanzos-Mandeo
Cambre	Encoro de Abegondo-Cecebre
Carral	Encoro de Abegondo-Cecebre
Coirós	Betanzos-Mandeo
Culleredo	-
Curtis	-
Irixoa	Betanzos-Mandeo
Oleiros	Costa de Dexo
Oza - Cesuras	Betanzos-Mandeo
Paderne	Betanzos-Mandeo
Sada	-